

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Orde do 4 de maio de 2005 pola que se convocan para o ano 2005 as axudas para as organizacións profesionais do sector agrario.

O Decreto 195/1994, do 16 de xuño, establece o réxime de axudas ás organizacións profesionais do sector agrario, fixando as regras xerais de procedemento e os criterios básicos polos que se rexerá a concesión de axudas ás devanditas organizacións profesionais. No mesmo decreto habilitase a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para que o desenvolva, tanto en materia de subvencións como no relativo á subscrición de convenios de colaboración.

Por todo o exposto, en consonancia co establecido no artigo 30. I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto regular as subvencións ás entidades representativas do sector agrario para a realización de actividades de representación e de formación dos seus asociados e dos agricultores galegos en xeral.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderanse beneficiar das axudas establecidas nesta orde as organizacións profesionais agrarias e as organizacións representativas das cooperativas agrarias, que estean legalmente constituídas e que o seu obxecto social recolla a representación profesional dos seus asociados.

Artigo 3º.-Actividades subvencionables.

1. Poderanse subvencionar as solicitudes de axuda para actividades que se realicen durante o ano en curso, sempre que se cumpran as condicións exixidas nesta orde.

2. Consideraranse subvencionables os gastos derivados das seguintes actividades:

a) Representación dos intereses dos seus asociados e dos agricultores galegos en xeral.

b) Participación nas comisións, mesas de traballo e outros órganos colexiados que, para a defensa dos dereitos dos seus representados, constituíse a Administración.

c) Formación dos asociados e demais membros familiares, así como dos xerentes e persoal técnico das entidades asociativas agrarias.

d) Impulso do asociacionismo agrario.

Artigo 4º.-Subscrición de convenios de colaboración.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, de conformidade co disposto na normativa orzamentaria, poderá subscribir convenios de colaboración coas organizacións beneficiarias desta axuda para a realización de actividades concretas que solicitasen os interesados e que se consideren de elevado interese. Os convenios de colaboración rexeranse polas súas disposicións específicas.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo anexo, debidamente cuberta e asinada polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización peticionaria, xunto coa documentación que se detalla no artigo 7º desta orde.

2. As solicitudes dirixiranse ao conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería nos servizos centrais, ou do modo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 6º.-Prazo de presentación.

As solicitudes de subvención presentaranse no prazo de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Documentación.

1. Acordo do órgano competente, debidamente acreditado, polo que se decide solicitar a subvención e se autoriza a persoa encargada dos trámites.

2. Memoria explicativa e suficientemente detallada das actividades que teña previsto desenvolver cada organización profesional durante o ano 2005.

3. Copias compulsadas do CIF da organización solicitante e do DNI do seu representante.

4. Certificación bancaria do número de conta.

5. Certificación sobre os seguintes aspectos:

-Cumprimento en xeral dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

-Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

-Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta administración considere oportunas.

-Compromiso de non beneficiarse de ningunha outra subvención procedente de entidades públicas para os mesmos fins para os que se solicita a axuda ao abeiro desta orde.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

As axudas outorgaráselles ás organizacións profesionais agrarias de xeito proporcional aos representantes que acadaron nas eleccións a cámaras agrarias, que se celebraron en Galicia o 26 de maio do ano 2002, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 195/1994, do 16 de xuño, que establece o réxime de axudas ás organizacións profesionais do sector agrario, con concordancia co disposto no artigo 40 da Lei 1/2000, do 10 de xullo, pola que se refunde a normativa en materia de cámaras agrarias.

Artigo 9º.-Tramitación.

As unidades administrativas receptoras remitirán no prazo máis breve posible as solicitudes de axuda recibidas á Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, para que se proceda á súa revisión e tramitación, comprobando se a solicitude e a documentación presentada reúnen os requisitos establecidos nesta orde e que as actuacións e actividades incluídas na solicitude de axuda non se iniciaron fóra dos prazos permitidos pola normativa vixente.

Se o impreso de solicitude non está debidamente cuberto, se non se achega a documentación exixida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requiriráselles os interesados para que nun prazo máximo de dez días emenden os erros ou acheguen os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, se considerarán desistidos da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Unha vez examinadas as solicitudes de axuda, aquelas que cumpran os requisitos establecidos nesta orde serán valoradas pola comisión de avaliación creada para tal fin, segundo os criterios de valoración citados anteriormente.

Esta comisión de avaliación estará presidida polo subdirector xeral de Industrias Agroalimentarias, e estará composta ademais polo xefe de Servizo de Fomento Asociativo, un xefe de área e un xefe de Negociado, pertencentes á Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria. O xefe de Negociado actuará como secretario da comisión.

Unha vez valoradas as solicitudes, a comisión de avaliación elevará o correspondente informe ante a devandita dirección xeral. Posteriormente, o director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria elevará as propostas de resolución, logo da fiscalización, ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, como órgano competente para resolver.

2. A consellería notificaralles ás organizacións beneficiarias a resolución de concesión da subvención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde, e en función das peticións presentadas e da dotación orzamentaria existente para esta liña de axudas. De todas formas, o pagamento queda supeditado á súa correcta xustificación.

3. O prazo para resolver será de seis meses, contados desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes poderanse entender desestimadas unha vez transcorrido o devandito prazo sen recaer resolución expresa.

Artigo 11º.-Incompatibilidade.

As subvencións reguladas pola presente orde son incompatibles con calquera outra axuda procedente das administracións públicas que se conceda para os mesmos obxectivos e gastos.

A vulneración deste precepto dará lugar á perda da subvención concedida.

Artigo 12º.-Financiamento.

As subvencións concedidas e os convenios de colaboración que se poidan establecer, segundo esta orde, imputaranse ás aplicacións orzamentarias 09.04.612-A.480.0 por un importe de 390.253 euros, e 09.01.611-A.480.0 por un importe de 69.747 euros, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. Para proceder ao pagamento da axuda concedida é imprescindible que previamente a organización beneficiaria presente a seguinte documentación:

-Certificación da organización na que se detalle a súa aceptación expresa da axuda nos termos en que se lle concedeu.

-Memoria da organización, debidamente asinada, na que se detallen as accións e actividades obxecto de subvención que se desenvolveron durante o ano 2005. Tamén se desagregarán en capítulos os gastos que tiveron lugar como consecuencia da súa realización.

-Copia compulsada das nóminas, TC 1 e TC 2 do persoal da organización. A suma do seu importe non poderá superar o 70% do total de gastos presentados.

-Facturas orixinais dos gastos, ou as súas copias compulsadas, debidamente conformadas polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización beneficiaria. As facturas deberán traer o IVE desagregado correctamente.

-Certificación de todas as axudas solicitadas ante as distintas administracións públicas para os mesmos fins recollidos nesta orde, tanto as concedidas como as pendentes de resolución. Esta certificación debe vir asinada polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización.

2. Coa resolución de concesión das subvencións que se regulan nesta orde poderase solicitar a documentación adicional de carácter complementario que se considere necesaria para a xustificación, seguimento e control desta axuda.

3. A documentación e xustificantes, tal e como se requiren neste artigo, presentaranse no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao que reciban a resolución de concesión da subvención. O incumprimento deste prazo poderá implicar a perda da subvención concedida, sen necesidade de aviso ou notificación ningunha ás organizacións beneficiarias.

4. A documentación xustificativa do gasto presentárase preferentemente no Servizo de Fomento Asociativo da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, con enderezo na rúa dos Irmandiños, s/n, Santiago de Compostela.

5. O importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas, documentación e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido nesta orde e na resolución de concesión.

No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos, unha vez descontado o IVE, sexan inferiores ao importe da subvención concedida, practicarase a redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

Artigo 14º.-Seguimento e control.

1. As organizacións profesionais beneficiarias deberán comunicarlle obrigatoriamente á Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, con antelación suficiente, calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente ao destino ou correcta aplicación da subvención concedida.

Calquera irregularidade ou ocultación de datos que poida afectar para a concesión desta axuda será causa suficiente para a súa denegación ou posterior devolución.

2. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, incluída a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. Así mesmo, deberán permitir que a citada dirección xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Tamén facilitarán toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

4. As organizacións profesionais beneficiarias quedan obrigadas ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

5. No caso de que as organizacións beneficiarias desta axuda non cumpran os requisitos e fins fixados nesta orde, aplicaráselle o establecido no artigo 79º da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa.

Artigo 15º.-Réxime de recursos.

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa, e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso administrativo no prazo de dous meses.

3. Igualmente, os beneficiarios desta orde de axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, (Decreto legislativo 1/1999).

Disposición adicional

En todo o non previsto nesta orde, estarase ao disposto nos artigos 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro de 2000.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase ao director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para ditar as disposicións complementarias necesarias para a correcta aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA AS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS DO SECTOR AGRARIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG205B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ORGANIZACIÓN SOLICITANTE E DO SEU REPRESENTANTE

DENOMINACIÓN DA ORGANIZACIÓN		CIF	
E na súa representación:			
DON/ DONA		DNI	
ENDEZEZO (PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS)		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEZEZO (RUA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	

DOCUMENTACIÓN

☐ ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE, DEBIDAMENTE ACREDITADO, POLO QUE SE DECIDE SOLICITAR A SUBVENCIÓN. ☐ MEMORIA EXPLICATIVA E SUFICIENTEMENTE DETALLADA DAS ACTIVIDADES QUE TEÑA PREVISTO DESENVOLVER CADA ORGANIZACIÓN PROFESIONAL DURANTE O ANO 2005. ☐ COPIAS COMPULSADAS DO CIF DA ORGANIZACIÓN SOLICITANTE E DO DNI DO SEU REPRESENTANTE. ☐ CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA. ☐ CERTIFICACIÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS EXIXIDOS NESTA ORDE (ARTIGO 7º PUNTO 5).

OBSERVACIÓNS

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 4 de maio de 2005, pola que se convocan para o ano 2005 as axudas para as organizacións profesionais do sector agrario.</i>
SINATURA DO/A PRESIDENTE/A SECRETARIO/A XERAL OU REPRESENTANTE LEGAL Lugar e data , de de 200

Conseillero de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAIDA / /

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Orde do 21 de abril de 2005 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local en virtude do Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro).

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, na súa disposición transitoria establece a obriga dos colexios profesionais galegos e os consellos galegos de colexios que estivesen constituídos á entrada en vigor desta lei, de adaptar os seus estatutos a ela.

De acordo coa devandita lei, os estatutos elaborados polos colexios profesionais, así como as súas modificacións, serán comunicados á consellería competente en materia de colexios profesionais para a súa aprobación definitiva.

A aprobación definitiva deberá producirse no prazo máximo de seis meses, transcorrido o citado prazo sen declaración expresa, esta entenderase de carácter favorable.

Tendo en conta o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar os estatutos do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo que figuran como anexo a esta orde.

Disposición adicional

Para os profesionais ao servizo da Administración pública haberá que atermos ao disposto no artigo 3 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

Jesús C. Palmou Lorenzo

Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO

ESTATUTOS COLEXIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DE LUGO

**TÍTULO I
Disposicións xerais**

Artigo 1º.-Natureza do Colexio Oficial de Farmacéuticos.

1. O Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Lugo, constituído con carácter representativo e estrutura democrática, é unha corporación de dereito público, recoñecido e amparado polo art. 36 da Constitución e regulado pola lexislación estatal sobre colexios profesionais, así como pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, gozando de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, con independencia das distintas administracións públicas, das que non forma parte, sen prexuízo das relacións que con estas lle corresponda.

2. O Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Lugo rexerase polo disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, polos presentes estatutos, así como polos regulamentos de réxime interior que, se é o caso, se aproben e que non poderán ir contra o disposto nestes estatutos.

A participación dos colexiados na organización e funcionamento do colexio desenvolverase, como mínimo, a través das seguintes vías:

a) Dereito ao sufraxio activo e pasivo para a elección dos membros aos órganos de goberno, de acordo cos presentes estatutos.

b) Dereito a promover actuacións dos órganos de goberno por medio de iniciativas formuladas nos termos previstos estatutariamente.

c) Dereito a, no seo do colexio, crear agrupacións representativas de intereses específicos, con sometemento, se é o caso, aos órganos de goberno do colexio.

d) Dereito a participar na Asemblea Xeral, con pleno dereito de sufraxio en todas as tomas de decisións que sexan competencia desta nos termos fixados nestes estatutos.

Artigo 2º.-Ámbito.

1. O ámbito de actuación do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Lugo será a antedita provincia, na que non poderá crearse outro da mesma profesión.

Está integrado polos licenciados en farmacia que exerzan a profesión nas súas distintas modalidades dentro da provincia de Lugo e teñan o seu domicilio profesional único ou principal no ámbito territorial desta provincia, sen prexuízo do disposto no artigo 9º.